

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	MONFERO
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María do Alto do Xestoso
<b>Dirección</b>	Lugar da Graña, 2. 15315
	43.358216 -7.919556
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	Igrexa de estilo barroco, de tipoloxía rural frecuente na bisbarra. Planta rectangular cunha soa nave, pequena sancristía e presbiterio. No interior, distintas remodelacións deron lugar a unha nave con bóveda e teitume de madeira pintada de azul separada do presbiterio por un arco triunfal apuntado apoiado sobre pilastras. No exterior, muros de cachotería miúda e reforzo de pezas graníticas á vista nos esquinais. Cuberta de lousa a diferentes augas. Complexa volumetría que reflicte os distintos corpos anexionados ao principal. Fachada principal, organizada nun só corpo, con porta rematada en arco apuntado. Sobre a cornixa, espadana de dous corpos rematada por pináculos en bóla. Acceso ao interior a través dun pequeno pórtico anexionado ao muro lateral. Destacan dous pequenos retablos de características neoclásicas e policromías semellantes ao mármore na cabeceira e muros laterais do altar maior. Accesibilidade: coche, autobús, peonil.
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	3
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
<b>Data</b>	17-08-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">BLANCO PALACIOS, ANTONIO (MONDOÑEDO)</a>	1890		
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">BLANCO LEMOS, ANTONIO</a>	1952		

Información completa: [Igrexa de Santa María do Alto do Xestoso - MONFERO \(GALICIA\)](#)